

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 8 de maio de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Galicia Sustentable e se ordena a súa inscrición na sección do Rexistro de Fundacións de Interese Galego desta consellería.

Con data do 10 de marzo de 2009, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 48 a Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se clasifica de interese ambiental a *Fundación Galicia Sustentable*, adscribíndose á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, departamento a que corresponde o exercicio das funcións do protectorado.

Esta fundación, de acordo co establecido no artigo seis dos estatutos, ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara á sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, considérandose cumpridos os requisitos establecidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, logo do informe favorable emitido pola Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Galicia Sustentable*, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da dita fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial ás obrigas de dar publicidade suficiente ás súas actividades, e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e xustificar a través da memoria anual o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o plan de actuación con anterioridade ao inicio do exercicio económico correspondente.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas para o curso 2009-2010 destinadas ao alumnado universitario galego, descendente de galegos ou con residencia familiar en Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico ao alumnado de ensino universitario coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. De acordo con isto, iniciáronse diferentes liñas estratéxicas, entre as que cabe destacar o desenvolvemento da función social das universidades galegas, de maneira que ademais da súa implicación na mellora dos sistemas de ciencia e tecnoloxía, de calidade do ensino, do uso sostido de recursos, desenvolva a súa capacidade para dar resposta ás demandas sociais e a súa implicación no traballo social e a cooperación para o desenvolvemento.

Tradicionalmente, as axudas e accións de apoio económico ao alumnado universitario viñan sendo

destinadas a aqueles alumnos e alumnas que acreditaban os mellores expedientes académicos como recoñecemento ao seu esforzo, e non se valoraba na mesma medida a necesidade urxente de recursos económicos, moitas veces motivada por causas sobrevidas e imprevistas.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende continuar a política de bolsas e axudas de carácter especial, cunha finalidade simplemente paliativa, destinadas a facer fronte a causas sobrevidas que polas súas circunstancias requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos económicos que permitan a continuidade dos estudos universitarios dos alumnos afectados, sen pretender solucións plenas á problemática que poidan presentar.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a estudantes galegos, descendentes de galegos ou con residencia familiar en Galicia, que cursen estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, no curso 2009-2010, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos, sen pretender dar solucións plenas á problemática que poidan presentar, sempre que as causas excepcionais non estean cubertas por outras convocatorias específicas.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cunha contía global máxima de 60.000 euros. Non obstante, pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria de acordo co disposto no artigo 31.2º letra b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Requisitos.*

1. Poderán solicitar estas axudas os/as estudantes universitarios/as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser galego ou galega, descendente de galego/a ou con residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.

b) Que a situación sobrevida ou imprevista teña acontecido durante os anos 2008 ou 2009.

c) Xustificar documentalmente a causa sobrevida e imprevista que lle dificulte continuar os seus estudos, así como que as condicións socioeconómicas actuais se deben á nova situación.

d) Cursar estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia ou nunha universidade pública de fóra de Galicia, sempre que a titulación universitaria que está a cursar non sexa impartida nalgunha das universidades desta comunidade autónoma.

e) Estar matriculado no curso 2009-2010, como mínimo en 50 créditos.

f) Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2009, é dicir 4.708,62 euros.

2. Poderán solicitar a renovación soamente aqueles/as alumnos/as que foron beneficiarios/as desta bolsa por primeira vez na convocatoria anterior. Para a concesión da axuda neste segundo ano deberán ter superado o 50% das materias ou créditos nos que estiveron matriculados no curso 2008/2009.

3. Quedan excluídos desta convocatoria aqueles/as alumnos/as que estean en posesión ou reúnan os requisitos legais para a expedición do título de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que realicen estudos de máster universitario, terceiro ciclo ou doutorado, estudos de especialización, títulos propios das universidades e outros estudos de posgrao.

Artigo 4º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. A solicitude, segundo o modelo ED433A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo/a interesado/a, pais ou tiores legais, e todos os membros da familia computables para efectos tributarios poderá presentarse:

a) No rexistro xeral da Xunta de Galicia, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a

funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirá como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do DNI/NIF do solicitante e de todos os membros da familia computables para efectos tributarios.

b) Certificado de empadramento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia no que conste a data de alta.

c) Certificación académica completa ou copia compulsada na que se fará constar a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración subscrito o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo de 2005 por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, así como as materias ou créditos nas que estivo matriculado no ano académico 2008/2009. Os alumnos e as alumnas que estean cursando estudos de 2º ciclo por accederen desde unha titulación de 1º ciclo ou desde o 1º ciclo dunha titulación de 1º e 2º ciclo, deberán enviar ademais a certificación académica dese 1º ciclo.

O alumnado que acceda ao 1º curso dos seus estudos universitarios a través das probas de acceso á universidade, deberá presentar a certificación da correspondente comisión organizadora da proba, na que conste a cualificación correspondente. O alumnado de Formación Profesional que solicite o ingreso nos estudos universitarios aos que lle dá acceso a súa titulación deberá presentar unha certificación académica dos cursos realizados na que se inclúa a nota media do expediente.

d) Informe do/a asistente social do concello no que estea empadroadado o/a solicitante que recolla a causa sobrevida ou imprevista, así como a situación socioeconómica da unidade familiar, antes e despois da causa, que motive a necesidade urxente de recursos económicos.

e) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a, no que conste o código de conta cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o díxito de control.

f) Declaración responsable asinada polo/a solicitante na que se faga constar:

-Os ingresos anuais percibidos por todos os membros que compoñen a unidade familiar durante os anos 2007 e 2008, así como a contía total mensual do ano 2009, achegando a documentación acreditativa dos citados ingresos.

-As axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin, ante as distintas administracións públicas

competentes ou outros organismos públicos ou privados.

-Xustificación da causa sobrevida ou imprevista na que fundamenta a petición da bolsa, acompañando todos os documentos que a proben (informes médicos, sentenzas, convenios reguladores nos casos de separación ou divorcio, etc.).

3. O prazo de presentación de solicitudes comprenderá desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 1 de setembro de 2009.

Artigo 5º.-Exposición de listaxes provisionais.

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es/

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 30 de setembro. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 1 ao 13 de outubro de 2009, ambos os dous incluídos, podendo durante ese prazo formular reclamacións para emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerárase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 6º.-Comisión avaliadora.

1. A selección das solicitudes será realizada por unha comisión integrada por:

Presidente: o/a titular da Secretaría Xeral de Universidades ou, por delegación, o/a titular da Subdirección Xeral de Universidades.

Vogais:

O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade da Coruña.

O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Vigo.

O/a xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee.

O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da secretaría xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 7º.-*Selección e contía.*

1. A selección realizarase en réxime de concorrencia competitiva entre todos/as os/as solicitantes que cumbran os requisitos establecidos na convocatoria, en orde directamente proporcional á puntuación total obtida. A comisión avaliadora elaborará unha relación de bolseiros/as beneficiarios/as que recibirán unha axuda económica, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e cos seguintes criterios de valoración:

a) Grao de incidencia das circunstancias especiais debido á causa sobrevida (ata un máximo de 60 puntos):

-Por orfandade absoluta: ata 20 puntos.

-Por falecemento de pai/nai ou titor legal, cando acheguen ingresos á economía familiar: ata 15 puntos.

-Recoñecemento de grande invalidez ou discapacidade dun dos membros da unidade familiar de grao igual ou superior ao 65% de minusvalía: ata 10 puntos.

-Situación de desemprego do pai/nai ou titor legal: ata 10 puntos.

-Enfermidade grave de algún membro da unidade familiar, incluído o alumno, que dificulte o desenvolvemento dos estudos con regularidade: ata 10 puntos.

-Outras circunstancias non consideradas que sendo xustificadas repercutan na situación socioeconómica familiar (violencia de xénero cara a el/ela ou proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar...): ata 15 puntos.

b) Renda per cápita da unidade familiar:

-Ata 3.000 €: 40 puntos.

-De 3.001 € a 3.500 €: 30 puntos.

-De 3.501 € a 4.000 €: 20 puntos.

-De 4.001 € a 4.708,62 €: 10 puntos.

c) Para determinar a contía, a comisión avaliadora, tendo en conta a prioridade outorgada de acordo coa puntuación total obtida nos puntos anteriores, asignaralle a cantidade de 250 euros por cada 5 puntos obtidos, ata o límite do orzamento dispoñible. A dotación económica asignada a cada beneficiario/a non poderá superar os 5.000 euros.

2. O importe da subvención, en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Resolución.*

1. Unha vez efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución na que constará a relación de persoas que obteñen bolsa, outra de suplentes e outra de denegados coas causas de denegación, se os houber, nos termos e condicións que figuran no artigo 34 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Os solicitantes de que lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Os/as adxudicatarios/as que figuran na listaxe de concedidos presentarán na Secretaría Xeral de Universidades, no prazo máximo de dez días naturais posteriores á publicación da orde de resolución no DOG, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable complementaria das axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade.

b) Xustificante de estar matriculado no curso 2009/2010 na universidade correspondente.

2. As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

Artigo 10º.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as beneficiarios/as.*

1. Estas axudas son compatibles con calquera outra bolsa ou axuda destinada a ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, sempre que a suma de todas elas non supere a contía máxima de 5.000 euros.

2. O alumnado que resulte beneficiario destas axudas comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria e na súa resolución, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Seguir durante o curso académico 2009-2010, con carácter presencial, os estudos nos que se atope matriculado.

b) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.

c) Informar ao órgano concedente da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co procedemento establecido nos artigos 77 a 83, inclusive, do regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.

b) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda.

A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a súa publicidade nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

d) Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente considere que se dan as previsións do artigo 15.2º d) da citada Lei 9/2007.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO

PROCEDIMENTO BOLSAS PARA O CURSO 2009-2010, DESTINADAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO, DESCENDENTE DE GALEGOS OU CON RESIDENCIA FAMILIAR EN GALICIA QUE, POR CAUSA SOBREVIDA OU IMPREVISTA, TEÑA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR ESTUDOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED433A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS E NOME <input type="text"/>			DNI / NIF <input type="text"/>		
ENDEREZO <input type="text"/>				PROVINCIA <input type="text"/>	
LOCALIDADE/CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONOS <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
UNIVERSIDADE <input type="text"/>		FACULTADE <input type="text"/>	TITULACIÓN/CURSO <input type="text"/>		
<input type="checkbox"/> SOLICITA POR 1ª VEZ ESTA BOLSA			<input type="checkbox"/> SOLICITA RENOVACIÓN DESTA BOLSA		
			BOLSAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS <input type="checkbox"/> XUNTA <input type="checkbox"/> MEC <input type="checkbox"/> OUTRAS		

DOCUMENTACIÓN

<input type="checkbox"/>	1.- COPIA DO DNI/NIF DO SOLICITANTE E DE TODOS OS MEMBROS DA FAMILIA COMPUTABLES PARA OS EFECTOS TRIBUTARIOS.
<input type="checkbox"/>	2.- CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO NUN CONCELLO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN QUE CONSTE A DATA DE ALTA.
<input type="checkbox"/>	3.- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA COMPLETA OU COPIA COMPULSADA EN QUE SE FARÁ CONSTAR A NOTA MEDIA SIMPLE DO EXPEDIENTE ACADÉMICO, ASÍ COMO AS MATERIAS OU CRÉDITOS EN QUE SE MATRICULOU NO CURSO 2008-2009.
<input type="checkbox"/>	4.- INFORME DO/A ASISTENTE SOCIAL DO CONCELLO ONDE ESTEA EMPADROADO/A O/A SOLICITANTE, QUE RECOLLA A CAUSA SOBREVIDA OU IMPREVISTA, ASÍ COMO A SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR ANTES E DESPOIS DA CAUSA SOBREVIDA E IMPREVISTA QUE MOTIVA A NECESIDADE URXENTE DE RECUSOS ECONÓMICOS.
<input type="checkbox"/>	5.- DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA A NOME DO INTERESADO, EN QUE CONSTE O CÓDIGO DE CONTA CLIENTE.
<input type="checkbox"/>	6.- DECLARACIÓN RESPONSABLE ASINADA POLO SOLICITANTE EN QUE SE FAGA CONSTAR: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> A) OS INGRESOS ANUAIS PERCIBIDOS POR TODOS OS MEMBROS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR DURANTE OS ANOS 2007 E 2008 ASÍ COMO A CONTÍA TOTAL MENSUAL DO ANO 2009 ACHEGANDO A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CITADOS INGRESOS. <input type="checkbox"/> B) AS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, PERANTE AS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS. <input type="checkbox"/> C) XUSTIFICACIÓN DA CAUSA SOBREVIDA E IMPREVISTA, ACONTECIDA NOS ANOS 2008 OU 2009, EN QUE FUNDAMENTA A PETICIÓN DA BOLSA, XUNTANDO TODOS OS DOCUMENTOS QUE A PROBEN.

DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE

Apelidos e nome	Parentesco (pai, nai, irmáns ...)	Profesión	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10, puntos 2º e 3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas para o curso 2009-2010 destinadas ao alumnado universitario galego, descendente de galegos ou con residencia familiar en Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA Lugar e data _____ de _____ de 2009		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

A/s persoa/s que asina/n abaixo autoriza/n a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Xunta de Galicia información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda cando a persoa que figura na alínea A desta autorización poida resultar beneficiaria.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación da normativa vixente no imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP., para o desenvolvemento das súas funcións.

A ocultación ou inexactitude dos datos e circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO ÚLTIMO EXERCICIO

A. DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SINTAURA			

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA (unicamente maiores de 18 anos)

PARENTESCO CO SOLICITANTE	ESTADO CIVIL	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

C. OUTROS MEMBROS DA FAMILIA QUE RESIDAN NO MESMO DOMICILIO

PARENTESCO CO SOLICITANTE	ESTADO CIVIL	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

DATOS ECONÓMICOS DO ÚLTIMO EXERCICIO

Se calquera dos membros da unidade familiar non presentou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes ao último exercicio, ou tivo ingresos adicionais que non figuren na declaración, cubra os seguintes datos:

Nome do/a perceptor/a	Ingresos totais
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>

NOTA: neste punto deben incluírse, en todo caso, calquera tipo de ingresos (pensións, bolsas MEC, etc.) que non estean consignados nas declaracións presentadas xunto con esta solicitude.